

Ética e deontoloxía na investigación en psicoloxía: o fin non xustifica os medios.

A investigación en psicoloxía é unha actividade presente desde os inicios da nosa formación e que se mantén ou se debería manter ao longo de toda ela. Facemos investigación no grao, máster, doutoramentos e xa non é unha tarefa circunscrita a contextos académicos e universitarios senón que forma parte, tamén, dos contextos de práctica aplicada e, por suposto, constitúe unha área sensible a aspectos éticos e deontolóxicos na nosa profesión.

Sen ánimo de facer unha revisión histórica, é preciso lembrar que o Código de Nuremberg (1947) se considera como o primeiro en establecer unha ética na investigación con humanos, salientando o consentimento libre e voluntario e a valoración de riscos e beneficios. A partir de aí fóronse sucedendo diferentes declaracións e documentos que incidiron na importancia de salvagardar unha ética neste campo: a “Declaración de Helsinki” (1964), Convención de Asturias de Bioética (Consello de Europa, 1997) etc.

O Código Deontolóxico dos Psicólogos e Psicólogas dedícalle unha sección (IV da Investigación e Docencia) con 6 artigos (do 33 ao 38) que inciden en: a importancia de facer investigación como forma de progreso da ciencia (artigo 33); evitación do dano na investigación (artigo 34), participación libres dos suxeitos, solicitar o seu consentimento e informarllos adecuadamente dos posibles danos ou efectos adversos (artigo 35); evitación de prexuízos duradeiros no grupo control (artigo 36); respecto ás persoas (artigo 37); e redución ao mínimo sufrimento na investigación con animais (artigo 38).

No caso da Asociación Americana de Psicología (APA), as cuestións éticas concrétnanse aínda máis, xa que engade aspectos tales como: a autorización institucional; o consentimento informado e o consentimento informado para a gravación de voces e imaxes; garantías de liberdade sen consecuencias cando os suxeitos da investigación son estudantes ou subordinados; oferta de incentivos económicas para a participación en investigación, tratando de que estes non sexan excesivos ou inapropiados; e finalmente, todos os aspectos relativos á publicación de resultados da investigación: non inventando datos, evitar declaracións falsas, non plaxiar, coidar que os créditos da publicación reflectan as contribucións das persoas investigadoras e non a posición xerárquica delas, non publicar como datos orixinais os que xa foron publicados previamente e compartir datos de investigación para a súa verificación.

Finalmente gustaríanos destacar a importancia dos Comités de Bioética como garantes de que as investigacións cumpren criterios éticos e legais, ademais dos metodolóxicos. Por isto, desde esta Comisión aconsellamos que os proxectos de investigación sexan sempre sometidos a consideración dos devanditos Comités que acrediten que reúnen os requisitos adecuados.